



Manuel Bragado, Noemí López e Antonio Reigosa. Á dereita, público asistente á presentación. PEPE ALVIZ



Antonio Reigosa e Noemí López trazan o mapa dun país de lenda

► O escritor e a ilustradora presentaron en Sargadelos a 'Guía ilustrada da Galicia invisible', unha obra baseada na tradición oral

MARÍA L. VIÑAS
@mlopez @lprogreso.es

LUGO. Acompañados do director de Xerais, Manuel Bragado, o escritor lucense Antón Reigosa e a ilustradora Noemí López, presentaron na galería Sargadelos unha obra máxica que fala dun cento de lugares de lenda e incluso da existencia dunha Atlántida a dez millas náuticas de Malpica.

'A guía ilustrada da Galicia invisible' trae á luz a existencia de lugares que perviviron gracias a tradición oral e que, según, digamos, a historia paralela foron asolagados, enterrados ou incluso atacados polas formigas.

Así, e según relatou Reigosa, dentro da rica toponimia galega existiron en Galicia cidades como Babilonia, que estaría no concello coruñés de Oleiros; Comorra, afundida na ría de Corcubión tras unha tola festa gastronómica, ou Calilea, asolagada en Carballo. O país tamén tivo a súa propia Troia, ubicada entre as localidades coruñesas de Xubia e Neda.

Esta guía, que emparenta con outras obras de Reigosa sobre len-

das, tradición oral e seres mitolóxicos, segundo apuntou Bragado, tamén está chea de animais míticos, plantas máxicas ou serpes xigantes.

Para o autor, esta localización de lugares habitados, como reza o mito, vén reflexar «sensacións, estados da alma, ecos e esa necesidade que temos de que existan lugares prodixiosos», subliñou.

A encargada de reconstruír eses emprazamentos imaxinarios foi Noemí López, cuxo traballo desenvolveu a cabalo de Lugo e Arxentina, o seu segundo fogar.

«O libro ten un alma especial; nunha sociedade que vai ás presas, está feito con tempo e moito mimo», comentou. «Antonio viría a ser o arqueólogo e eu a restauradora», engadiu.

Agradeceu ao seu avó Leonardo todas esas historias «tan ben contadas, algo que se está perdendo», dixo, e que contribuíron a debuxar ese mapa máxico galego no que os autores empregaron dous anos. Unha obra que inclúe lendas inéditas e que para Bragado é froito do traballo de «dous artesáns».